



CHARLA INFORMATIVA SOBRE COMPROMISO SOCIAL DOS CENTROS EDUCATIVOS CONCERTADOS:

PLANS E PROGRAMAS DE IGUALDADE, PREVENCIÓN DO ACOSO LABORAL E PREVENCIÓN DO ACOSO ESCOLAR

Estimado Director/Estimada Directora:

A formación dos equipos directivos e do profesorado dos nosos centros é una das prioridades da nosa organización. Conscientes da súa importancia e das necesidades que nos trasladan os centros, dende os departamentos de Formación e Asesoría Xurídica de CECE-GALICIA, desexamos iniciar unha serie de accións sobre certos temas que neste momento supoñen unha fonda preocupación social, e sobre os cales os centros de ensino concertados estamos xa traballando dende a educación en valores: a formación en materia de plans de Igualdade e prevención da violencia sobre as mulleres, e a súa incidencia na práctica a través da elaboración e xestión dos Protocolos para a prevención, diagnóstico e tratamento do acoso laboral e do Acoso e Ciberacoso escolar.

Os nosos centros deben poñer en valor o traballo que están a desenvolver nestes campos como parte do seu compromiso social e do seu ideario educativo, e para elo deben traballar con especial interese a concreción das súas estratexias educativas.

Con este motivo, organizamos unha **actividade de información e sensibilización**, promovida por CECE GALICIA e ESCOLAS CATÓLICAS, dirixida ao conxunto dos centros concertados de Galicia e que terán lugar en dúas sedes, nas cidades de A Coruña e Vigo nas datas e cos obxectivos que se expoñen de seguido:

OBXECTIVO DO RELATORIO:

Obxectivo xeral: Potenciar o compromiso social dos centros educativos concertados a partir das sinerxías propias, atendendo especialmente a cuestións de relevancia xurídico social (Igualdade, Prevención do Acoso e Responsabilidade Social dos Centros, Riscos Psicosociais) e promover accións concretas en materia de Responsabilidade Social Corporativa.

Obxectivos específicos:

- a) Dar a coñecer o *porqué* e *cómo* facer visible o traballo en valores e a igualdade que se leva a cabo nos centros concertados.
- b) Informar sobre a importancia da prevención dos riscos psicosociais nos centros, e a necesidade de confeccionar e/ou aplicar ferramentas de prevención, xestión e control, especialmente no referente ao acoso escolar e ao acoso laboral.
- c) Fomentar a reflexión sobre o papel que xoga a escola en materia de Igualdade e Prevención de Riscos Psicosociais.

RELATORA

MARÍA ÁNGELES GARCÍA PÉREZ

Avogada e Auditora Socio-laboral
Especialista en Prevención de Riscos Laborais, Políticas Sociais e
Responsabilidade Social Corporativa.

DESTINATARIOS

Membros dos Equipos Directivos, Representantes Legais dos Traballadores e Docentes interesados en xeral.

DATAS E LUGARES DE CELEBRACIÓN

Vigo	15 de xaneiro de 2016 Escola de Negocios de AFUNDACIÓN Avenida de Madrid, 60. 36204-VIGO, Pontevedra Ás 17:30 horas
A Coruña	22 de xaneiro de 2016 Escola de Negocios de AFUNDACIÓN Ronda de Nelle, 31. 15007-A Coruña Ás 17:30 horas


DURACIÓN: Dúas horas.

INSCRIPCIÓN

Gratuíta, previa remisión á calquera das organizacións convocantes do boletín adxunto.

Esperamos que esta actividade formativa sexa do teu interese. Por favor, CUBRE O BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN adxunto e reenvíanolo en canto sexa posible.

Un cordial saúdo,

The image shows a logo on the left consisting of a stylized map of Galicia with the word "Galicia" written below it. To the right of the logo is a blue ink signature. Overlaid on the signature is a rectangular stamp with the text "COMUNICACIÓN AUTONÓMICA DE GALICIA" at the top, "CENTROS DE ENSEÑO DEVALUADO" in the middle, and "ALFONSO GARCÍA SANMARTÍN" at the bottom.

Alfonso García Sanmartín